

Reclamante:

Expediente. Nº RSCTG 047/2018

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da Plataforma [REDACTED], mediante escrito do 2 de abril de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

#### ANTECEDENTES

Primeiro. D. [REDACTED], en representación da Plataforma [REDACTED], presentou mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 2 de abril de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de información sobre [REDACTED] sobre subvencións e actividades relacionadas cos servizos públicos que emanan do CECOOP, INIBIC, Centro A Milagrosa, UDC, USC, Asociación XURISTAS DA SAÚDE, Máster, s, Subvencións ou axudas, fondos FEMP para Jornadas foros- eventos relacionados entre outras coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En concreto solicitaba informes, convenios ou contratos de carácter público que emanen da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cuxos destinatarios están relacionados cos [REDACTED], copias das auditorías realizadas e de cada unha das axudas ou subvencións que emanan da Consellería de Sanidade relacionadas cos [REDACTED], subvencións e axudas públicas que consten nos rexistros da Consellería relacionadas Sres [REDACTED] e os seus entes representativos, con indicación do seu importe e obxectivo, así como a solicitude e documentos que sirvan de base a esta, os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e

comprensible sobre o seu estado de execución para os Sres [REDACTED] os seus entes representativos, as contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control que sobre Sres [REDACTED] e os seus entes representativos se emitiron, as retribucións percibidas anualmente polos altos cargos de administración, convidados oficiais, funcionarios públicos, declaración de ausencia de conflito de intereses que emanen dos Sres [REDACTED] e os seus entes representativos, Informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados para os Sres [REDACTED] e os seus entes representativos incluído o custo dos servizos web financiados con recursos públicos e copia ou identificación do persoal público dependente dos Sres [REDACTED] e os seus entes representativos cuxo orixe ou relación coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se poida documentar e destinado a xestionar os seus fondos públicos e organizar actividades, proxectos investigación-relatorios-xornadas-foros copia ou informe dos convenios para o efecto.

**Terceiro.** Con data do 13 de abril de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicesecretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 19 de abril de 2018 e con data do 24 de maio a Secretaría Xeral Técnica da referida Consellería remite o informe solicitado, copia da solicitude e resolución con data de saída do 21 de maio de 2018, do Secretario Xeral de Universidades.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á

Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustándose a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

O artigo 24 da Lei 1/2016 recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado. Dado que a solicitude de acceso á información presentouse o 13 de febreiro de 2018, (dirixida á Secretaría Xeral Técnica de Sanidade) e na data na que o solicitante presentou a reclamación a esta Comisión (30 de marzo de 2018) aínda non obtivera resposta, debe considerarse presentada en prazo.

### **Quinto. Análise do expediente**

O Sr. ██████████, tal e como se pode comprobar na copia do expediente remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, presentou o 3 de febreiro de 2018, unha solicitude de acceso á información pública dirixida á Secretaría Xeral

Técnica da Consellería de Sanidade, á que acompañada como documentación anexa un escrito dirixido ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no que solicitaba información relativa á dita Consellería.

A Consellería de Sanidade a remitiu a solicitude á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que á súa vez a remitiu á Secretaría Xeral de Universidades, por ser o órgano competente para resolvela, que a recibiu o 23 de marzo de 2018. A dita Secretaría Xeral, con data do 21 de maio, notificou ao solicitante a resolución de concesión de acceso á información pública sobre a súa solicitude.

Se ben é certo que, de acordo co informe remitido, a solicitude non tivo entrada no órgano competente para resolver ata o 23 de abril de 2018, e que o prazo para resolver ten que computarse dende esa data, non é menos certo que tanto a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade como a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria deberían, de acordo co disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2016, comunicar ao interesado a remisión da súa solicitude ao órgano que consideraban competente e non o fixeron, feito este que de terse producido, probablemente evitaría a presentación do recurso.

Dito o anterior, consta na documentación remitida pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria copia da resolución, con rexistro de saída do 21 de maio (aínda que non figura o destinatario, pero débese supoñer que é o interesado), da Secretaría Xeral de Universidades na que se lle remiten os enlaces á información solicitada en poder da citada secretaría, e se lle indica que no referente á restante información, pode dirixirse á Universidade da Coruña por si esa información está no seu poder.

Por tanto, as solicitude de acceso á información foi atendida correctamente, polo que procede a estimación por motivos formais da reclamación ante esta comisión, ao ter presentado o solicitante o seu recurso cando consideraba a súa solicitude desestimada por silencio administrativo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por D. [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED] de solicitude de información á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga